

## Presentación

### O “mercado” do conto infantil en Compostela

Como director do *Boletín Galego de Literatura* hónrame facer a presentación deste número monográfico dedicado a boa parte do cómic ibérico, unha idea que xurdiu hai un par de anos perante os avances que este produto cultural está a experimentar en todo o mundo e tamén en Galicia, onde existe, e moi activa, unha nómina de creadores que nada teñen que envexar a quen produce cómics noutras latitudes, mesmo con máis tradición no xénero cá nosa.

Se a miña percepción dos feitos non me falla, coido que é esta a primeira vez que unha publicación de ámbito universitario, cando menos en Galicia, afronta dun xeito metodoloxicamente serio (de non ser así, denúncienme, por favor) esta parcela da cultura que até hai ben pouco tempo estaba considerada como algo marxinal e menor, pois así nolo transmitiron ou así o percibiamos quen nos dedicamos a outras disciplinas, como a literatura ou o cine, como se a literatura ou o cine non fosen determinantes na elaboración e volución deste xénero cultural que son os cómics.

Afortunadamente, as cousas, neste sentido, van cambiando, e o estatus do cómic está a experimentar un proceso de dignificación e de recoñecemento social de tal magnitude que a Universidade non podía ficar indiferente e allea a el por máis tempo. De feito, sabemos que por iniciativa individual o cómic empeza a estar presente nas aulas universitarias e nas preocupacións dalgúns profesores que, como o meu colega e compañeiro de coordinación para este número da nosa revista, Antonio J. Gil González, levan xa anos estudando e publicando traballos científicos acerca da *banda deseñada*.

Precisamente, na actualidade, *banda deseñada* é a expresión máis corrente para nos referir ao cómic en Galicia. É similar ás que atopamos, como é ben

sabido, noutras linguas (*bande dessinée*, para os franceses, *banda desenhada*, para os portugueses, etc.), quizais por iso alguén dirá que no título da presente monografía debería figurar esta expresión e non *cómic*, que é un anglicismo. Mais consideramos que este termo, sendo máis universal, non é excluínte, e de feito nalgúns dos traballos que figuran a continuación emprégase a expresión galega sen interferir para nada no discurso sobre o obxecto de estudo.

E como quen isto subscribe tamén foi dos que a determinada altura da súa vida desertou da lectura dos seus contos infantís, que hoxe se engloban baixo a denominación xenérica de *cómics*, quero facerlle unha pequena homenaxe aos que encheron moitas horas da miña infancia e primeira adolescencia lembrado o “mercado” que espontaneamente se establecía no ámbito da sociedade infantil urbana nos tempos do primeiro franquismo. E coido que podo facelo con certa competencia: a adquirida na práctica concreta da merca e troco daquelas lecturas que hoxe recordadas moven a memoria cara a melancolía.

8      Estou por asegurar que as experiencias que vou relatar aquí, sen ánimo de exhaustividade nin de ofrecer unha análise seriamente sociolóxica do cómic no primeiro franquismo, foron comúns á maioría dos nenos (e en moitos aspectos, pero non en todos, tamén das nenas) urbanos de toda España e supoño que de Portugal. Falo de “primeiro franquismo” para me referir aos tempos da ditadura comprendidos entre o final da guerra incivil e 1960, aproximadamente. O termo *a quo* está ben delimitado: 1939. O *ad quem* é variábel, pero para min está en 1960, cando cumprín os quince anos de idade e abandonei a lectura dos cómics para engolfarme noutras literaturas.

Santiago de Compostela era, como tantas cidades españolas de entón, unha cidade entristecida pola fame e pola penuria económica. Unha cidade en branco e negro. Con seguridade, a impresión de tristeza que sentiría un viaxeiro recién chegado, alá polos anos cincuenta e sesenta, tiña que ser grande, e aumentaría co silencio húmedo e nocturno da cidade, só rachado polos roucos oubeos dos cancerbeiros medievais e cuartelarios da Garda Civil, cans invisíbeis a pasear polo inculto Campo da Leña, onde hoxe está o polideportivo do IES Rosalía de Castro, adiviñados enormes coma lobos de ollos sanguíñentos, acesos en fósforo, na imaxinación do neno acochado entre os cobertores do leito. Ferros ladridos que escachaban nas pedras todas da vila e ecoaban na Praza do Hospital, rebotando nas nubes e nos bronces do Obradoiro, na

Berenguela e na abraiante inmediateira de Sampaio de Antealtares, para esvarar despois polas Hortas cara á carballeira de San Lourenzo, o Bosque da Condesa (que non Monte) e as veigas do Sar, e para se perder, por fin amansados, na aba mulida do Monte Pedroso.

Tamén a buguina do tren, afastándose da cidade na noite cara a outros eidos que o neno debuxaba na súa mente máis luminosos e alegres, había contribuír a unha triste disposición de aborrecemento no viaxeiro obrigado a quedar entre a néboa e o orballo, merecedor de ser retratado por Miguelanxo Prado. Un chifro que chegaba tráxico e alongado na súa melancolía até o centro do burgo compostelán, empurrado polo vento do sur, aganchando por Cornes arriba, polos Campos de San Xosé, pola rúa do Hórreo e polos barrios de Belvís e da Trisca, mesmo alcanzando a Avenida de Raxoi a carón da catedral até os oídos do neno soñador de vagóns en ringleira cheos de luz, camiño do mar e do mundo desexado.

Santiago de noite, en efecto, cando a cidade remataba na rúa da Senra, era unha vila escura e, no recordo, sempre mollada. Rúas e rueiros estreitos, de perpiaños repisados nos que as pozas reflectían vagamente na auga millenta aramios entrampados da rede eléctrica. Calellas labirínticas, cheas de sombra, a penas iluminadas por farois, de fábrica nobre pero de luz amarela e miserábel, que activaban no neno o medo a dobrar a próxima esquina, habitada quizais por uns ollos espreitantes e culpábeis ou pola voz rascada e randeante de Modesto el Churrero, terror inocente dos pequeno-burguesíños asustados.

9

Nesas noites, que na lembranza deveñen todas ou moitas noites, o neno vía abraiado dende a galería familiar acristalada do abrente cómo se bandeaba, cómo desaparecía e voltaba a aparecer perante os seus ollos a catedral enteira na negrura, levada polas enormes nubes da néboa que camiñaba cara ao norde, mesmo, como no soño inminente, as grandes vagas do mar desarboraban e parecían afundir o navío do Capitán Trueno, triunfante e ergueito outra volta na seguinte viñeta, xa agarimado polo raiolar rosicler da alba renovada.

E entón era o día, moitas veces azul na lembranza, coa promesa do vento do norte cargado de luz nos mares da Coruña, atravesando alto e frío a praza do Hospital, hoxe do Obradoiro, para alegrar supetamente a cidade e mover os badalos das campás da Corticela e de Santa Clara, das Madres e das Orfas,

de San Francisco e de todos os carillóns miúdos e virxinais do pequeno burgo, renacido immaculado cada alborada.

10 Con este escenario, os nenos tiñan, tiñamos, que amañarnos para ocupar as horas de ocio, que eran moitas, entre as que concedían os pais e as que nos tomabamos pola nosa conta. Os xogos nas rúas, sen apenas automóviles que molestasen, enchían unha boa parte dese ocio, pero en chegando a noitiña sobreviña o aburrimiento, sobre todo no inverno, no interminábel inverno de Compostela. E aí entra a lectura dos que chamabamos xenericamente *contos* (*cuentos*, para os nenos urbanos que habitabamos o casco histórico, criados na lingua castelá). Porque daquela a palabra *cómic* non se coñecía por estas latitudes e aínda que noutros sitios *tebeo* pasou a significar ‘historieta’, ‘conto’ ou ‘banda deseñada’ por antonomasia, o certo é que en Santiago dende logo non sufriu, até onde me alcanza o recordo, esa ampliación semántica e tan só nos referiamos a el como unha determinada colección (con características e personaxes ben definidos, como os famosos “Inventos del TBO” ou a Familia Ulises, Melitón Pérez, etc.) xunto ao *Jaimito* (co inolvidábel “Bartolo, as de los vagos”) ou o, para min insuperábel, *Pulgarcito* (con Carpanta, El reporter Tribulete que en todas partes se mete, Zipi y Zape, El gordito relleno, Doña Urraca, etc.). Eran todos *contos* de historietas graciosas e de chistes, fronte aos *contos* de *Roberto Alcázar y Pedrín* (eu pensando ao principio que eran tres personaxes, pero nunca aparecía un deles, supoño que Alcázar), que relataban casos de investigación policial resoltos nun plis-plas por Roberto Alcázar (tan parecido a José Antonio Primo de Ribera) axudado polo simpático, anque ás veces algo rechupo de máis, Pedrín e a súa famosa cachiporra, ou fronte aos de *El Guerrero del Antifaz*, *El Capitán Trueno* ou *El Jabato*, que se movían en escenarios exóticos no espacio e no tempo. De *El Jabato*, colección esta última moi semellante a *El Capitán Trueno*, teño que confesar que xa non me quedou tan interiorizado por aparecer moi próximo á miña retirada deste tipo de lecturas. Pero todos eran *contos*, *cuentos*, seguidos da frase especificativa: “de Roberto Alcázar y Pedrín”, “del Capitán Trueno”, “del Guerrero del Antifaz”, etc., ou ben nomeados directamente: un *Tebeo*, un *Jaimito*, un *DDT*, un *Pulgarcito*.

Quen ademais tiña nenas familiares, curmás ou irmás, de idades próximas, como era o meu caso, dispoñía do pracer de ler na casa, con nocturnidade e certo complexo de culpa, os *contos de fadas* (*Cuentos de hadas*, claro), lectura que sería vergonzante para un neno, para un “machote” español e imperial, facela á luz do día, por ser cousa de nenas.

Pois ben, neste contexto o caso é que había moi poucos cartos para mercar contos e aí é onde xurdiu espontaneamente o mercado infantil en connivencia cos nosos *bouquinistes*: a Señora Ramona, na Rúa do Franco, e o Señor Abelardo, na Rúa Nova. Ambos os dous dispoñían duns banquiños baixos para que os nenos (tan só os nenos, non as nenas, que estaría mal visto) puidesemos ler tranquilos e en silencio, á caloríña do braseiro que tanta falta facía nos invernos de Compostela. Coa compra dun só conto tiña un lectura asegurada para quince días, pois o intercambio cos amigos propiciaba que aquel conto se multiplicara por varios enteiros. E cando se acababa o círculo..., pois... ou ben se compraba outro, caso de a economía ir acomodada por un casual, ou ben ían lerse os que alquilaba por moi módico prezo nos seus *cabimets de lecture* o Señor Abelardo e a Señora Ramona, quen, á súa vez, tamén podían cambiarche o conto da túa propiedade por outro ou outros, segundo estivesen ou non estragados polo manoseo infantil.

As nenas tiñan que conformarse cunha parte do “mercado”, pero sendo elas máis discretas e apañadas na economía, sempre disfrutaban de contos noviños (cando menos no meu recordo, seguramente deformado), sen os lámparóns e rachóns que presentaban os nosos, produto de enfrontamentos dialécticos que, ás veces, ían máis alá das palabras.

En fin, dende a Dirección, a Secretaría e o Consello redactor e corrector do *Boletín Galego de Literatura*, saudamos aos colaboradores e a todos aqueles que fixeron posíbel a impresión das reflexións que a continuación se lerán, e moi especialmente a Antonio J. Gil González, con quen nos sentimos moi a gusto no labor de coordinación, e a Xaime Asensi e Manel Cráneo que tan ben souberon asesorarnos sobre as entreteas deste universo de interese e de futuro que é o *cómic*, ou a *banda deseñada*, que tanto ten.

ANXO TARRÍO VARELA  
*Universidade de Santiago de Compostela*